

CURSOS TEMPADA 2018-2019

ARTE

DA TRADICIÓN Á MODERNIDADE

Unha aproximación crítica á historia dos temas, xéneros e soportes

24 outubro 2018 – 8 maio 2019

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: salón de actos

Datas: do 24 outubro 2018 ao 8 maio 2019

Horario: MÉRCORES, de 19.30 a 21.00

Total número sesións: 22

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 17 de setembro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

RESUMO / PRESENTACIÓN

Partindo da idea de que é imposible entender os comportamentos artísticos do presente sen coñecer a súa intrahistoria, este curso formula unha aproximación crítica aos grandes xéneros que serviron de soporte ás creacións artísticas dende a Prehistoria ata a actualidade. Ao longo de vinte e dúas sesións íranse analizando temas e xéneros como o retrato, o espido, a paisaxe; non só dende unha perspectiva cronolóxica senón trazando vínculos transversais entre diferentes xéneros, correntes, movementos e tendencias estilísticas, tendo sempre en conta o seu contexto, que en definitiva se converte en elemento determinante do resultado estético. Abordaranse tamén dun modo especial cuestións como a desaparición da figuración, un aspecto revolucionario e esencial nas vangardas históricas, e a súa posterior recuperación dende perspectivas moi diferentes, como o surrealismo, o pop, ou a nova figuración.

PROGRAMA

[Datos e títulos sesións abertos a posibles cambios]

DA TRADICIÓN Á MODERNIDADE

Unha aproximación crítica á historia dos temas, xéneros e soportes

24 outubro 2018 – 8 maio 2019

Sesión 1 (mércores 24 outubro)

Presentación: unha aproximación histórica á orixe e evolución de temas, xéneros e soportes

Sesións 2 e 3 (mércores 31 outubro e 7 novembro)

As representacións sígnicas e animalísticas: da prehistoria a Miquel Barceló

Sesións 4, 5 e 6 (mércores 14, 21 e 28 novembro)

Diferentes poéticas do espido: anatomía, beleza / fealdade, erotismo

Sesións 7 e 8 (mércores 12 e 19 decembro)

A paisaxe: escenario e protagonista

Sesións 9, 10 e 11 (mércores 9, 16 e 23 xaneiro)

O retrato como espello dun mesmo e dos outros

Sesións 12, 13 e 14 (mércores 30 xaneiro, 6 e 13 febreiro)

Mitos, relixións e alegorías. A súa presenza constante na arte

Sesións 15 e 16 (mércores 27 febreiro e 6 marzo)

A temática histórica: denuncia e conmemoración

Sesións 17 e 18 (mércores 13 e 20 marzo)

O reflexo da vida cotiá nas actividades creativas

Sesións 19 e 20 (mércores 3 e 10 abril)

O bodegón: orixes e evolución. Andy Warhol, un representante moderno

Sesión 21 (mércores 24 abril)

A revolución dos anti-temas

Sesión 22 (mércores 8 maio)

A fotografía: a apropiación de temas pictóricos e a creación doutros novos